

A N U N C I O D E L I C I T A C I Ó N

Aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que rexen a contratación da subministración de **“Enerxía eléctrica ós edificios e instalacións públicas do concello de Sanxenxo e do seu organismo autónomo Terra de Sanxenxo”**, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. Obxecto: A contratación da subministración de “Enerxía eléctrica ós edificios e instalacións públicas do concello de Sanxenxo e do seu organismo autónomo Terra de Sanxenxo”.
2. Duración do contrato: Máxima de dous (2) anos.
3. Prezo de licitación: O orzamento máximo de licitación por dous (2) anos, con IVE é de 1.069.532,11 Euros. Se prevé unha modificación do orzamento máximo de licitación pola incorporación de novos puntos de subministración, que pode alcanzar ata un 10% do prezo total do contrato. Dita modificación co IVE ascendería a 106.953,21 Euros.
4. Procedemento e tramitación: A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.
5. Clasificación: Non se esixe
6. Solvencias:
 - a. Económica-financeira: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha declaración do volume de negocios, no eido do contrato, referido ós tres (3) últimos exercicios, por importe igual ou superior a 1.176.485,32 Euros con IVE.
 - b. Técnica-profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación das subministracións de enerxía eléctrica durante os últimos cinco (5) anos, por un importe igual ou superior a 3.529.455,96 Euros, con IVE, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante unha certificación expedida por este ou, a falta de esta certificación, mediante unha declaración do empresario.

Tamén será necesario acreditar que o licitador está na listaxe de comercializadores no mercado libre publicado pola Comisión Nacional da Enerxía.
7. Criterios de adxudicación: Oferta económica: Expresarase nunha cantidade en céntimos de euro con catro decimais para cada unha das tarifas que se sinalan no Anexo II do Prego de Prescricións Técnicas, que non poderá ser superior ás cantidades que se fixan no citado Anexo. As cantidades non inclúen peaxes, nin o

imposto eléctrico, nin o IVE.

8. Mesa de contratación: Constituída o 22 de outubro de 2015, por Resolución da Alcaldía, de acordo co sinalado na cláusula 10ª dos Pregos respectivos.
9. Garantías: Garantía definitiva do 5% do importe do orzamento máximo de licitación durante a duración total do contrato (883.910,83 Euros), excluído o IVE.
10. Lugar e prazo de presentación de ofertas: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9 a 14 horas, excepto o sábado que será de 9 a 13 horas dentro do prazo de corenta (40) días naturais, contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Comisión Europea, para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Tamén será publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE), Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial da Provincia (BOP) cunha antelación mínima non inferior a quince días (15) naturais á data de finalización do prazo de presentación de proposicións, que no caso de rematar en festivo ou sábado ampliarase ó seguinte día hábil. O anuncio tamén será publicado no Perfil do contratante da paxina web do Concello de Sanxenxo.
11. Entidade e información: Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es. - Perfil del Contratante.

En SANXENXO, a 13 de novembro de 2015.

O Alcalde-Presidente

Gonzalo Gonzalo Pita